



Unha ducia de 'escritores e escritoras galegas universais' recoñecidas pola AELG

Praza Pública. Marcos Pérez Pena. 10/01/2026

<https://praza.gal/ducias/escritores-e-escriptoras-galegas-universais-reconecidas-pola-aelg>

Dende o ano 2006 a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega vén recoñecendo cada ano un autor ou autora como escritor/a galego/a universal, escollendo aqueles creadores e creadoras "que unen á excelencia literaria o compromiso ético que os converte en referentes na defensa da dignidade nacional e humana e das culturas nacionais". Van xa 21 edicións, dende a primeira, na que o escollido foi o poeta palestino **Mahmud Darwish** ata o 2025 que vén de rematar coa tamén palestina **Shahd Wadi** como a elixida. En 2026 o autor premiado será o igualmente palestino **Basim Khandaqji**, como se anunciou hai uns días.



1.

Mahmoud Darwich (2006)

Na primeira edición do galardón, a Asociación fixo entrega, de mans da Conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, do premio "Poeta Galego Universal" ao poeta nacional Palestino **Mahmoud Darwich**, nun acto celebrado no Paraninfo da Universidade de Santiago.



2.

Pepetela (2007)

No ano seguinte, o galardón adoptou xa o nome de 'Escritor Galego Universal', destacándose que o obxectivo era "significar aqueles autores e autoras cuxa obra e personalidade conteñan un alto contido ético e estético que os/as convirtn nun referente para o seu pobo na defensa da dignidade nacional e humana".

O galardoado, que recibiu o premio na Cea das Letras, foi o angolano **Pepetela**, pseudónimo de Artur Carlos Maurício Pestana dos Santos, Premio Camões en 1997 e que chegou a ser Viceministro de Educación de Angola.



3.

Elena Poniatowska (2009)

En 2009 a escollida foi a escritora mexicana **Elena Poniatowska**, que recolleu o premio nun acto celebrado no Salón Nobre do Pazo de Fonseca da USC, precedida dunha *laudatio* de Manuel Rivas.

En 2008 a galardoada fora a escritora cubana **Nancy Morejón**.



4.

Juan Gelman (2010)

En 2010 o galardón foi para o poeta, xornalista e tradutor arxentino **Juan Gelman**, gañador do Cervantes en 2007, que recibiu o recoñecemento na Cea das Letras. Durante a ditadura, foron secuestrados e asasinados polo réxime militar o seu fillo Marcelo e a súa nora Claudia, que se atopaba embarazada. Logo de anos de intensa procura, Gelman puido reunirse coa súa neta en Uruguai.



5.

José Luis Sampedro (2012)

En 2012 o premio foi para **José Luis Sampedro** destacando a AELG "a alta calidade da súa literatura lúcida, profunda, radical e transgresora, impregnada do insubornábel compromiso ético do autor". [Un ano despois o escritor e economista falecía aos 96 anos de idade.](#)

En 2011 o premio fora para o poeta **Antonio Gamoneda**.

6.



Lúcia Jorge (2013)

En 2013 a galardoada foi a portuguesa **Lúcia Jorge**, que despois de visitar a RAG, recibiu o premio na Gala das Letras. "A súa é unha traxectoria literaria incontestábel, apreciada por crítica e público, nun consenso difícil de conseguir. En compañía dos seus personaxes Lúcia Jorge móstranos a realidade e permítenos entender os cambios sociais", destacaba a AELG.

Un ano máis tarde o premio foi para o vasco **Bernardo Atxaga**, que o recibiu nun acto celebrado en Pontevedra.



Pere Gimferrer (2016)

En 2016 o galardoado foi o catalán **Pere Gimferrer**, que recolleu o premio no transcurso da Gala do Libro Galego, no Teatro Principal de Compostela.

En 2015 o premio fora para o brasileiro **Luiz Ruffato**, que o recolleu nun acto celebrado en Lugo.



Hélia Correia (2017)

En 2017 recolleu o premio a portuguesa **Hélia Correia** na Gala do Libro Galego. A AELG destacou "a alta calidade literaria" do conxunto da súa obra e o seu "insubornábel compromiso ético".

Un ano despois a galardoada foi a alcoiana **Isabel-Clara Simó** e en 2019 a portuguesa **Maria Teresa Horta**.



8.

Ana Luísa Amaral (2022)

En 2022 a galardoada fora a portuguesa **Ana Luísa Amaral**. "Amaral é a poeta que contraria a tradición, a que reinterpreta e volve falar dos mitos, das personaxes, das figuras prototípicas. Contraría e ironiza", escribiu sobre ela Marta Dacosta, que fixo a *laudatio*.

Nos dous anos anteriores foran premiadas **Mariasun Landa** (2020) e **José Luandino Vieira** (2021).



9.

Lydia Cacho (2023)

En 2023 a escollida foi **Lydia Cacho**, xornalista mexicana, con raíces galegas, activista feminista e defensora dos dereitos humanos. Denunciou a mafia da pederastia en México, o que a levou a sufrir ameazas, ser secuestrada polo gobernador de Puebla Mario Marín Torres en 2005, e finalmente exiliarse.

Un ano despois foi galardoado o vasco **Joseba Sarrionandia**.



10.

Shahd Wadi (2025)

Neste 2025 que vén de rematar, foi premiada a escritora palestina **Shahd Wadi**. Autora do libro *Corpos na trouxa: historias-artísticas-de-vida de mulleres palestinas no exilio* (2017), aborda na súa investigación as narrativas artísticas no contexto da ocupación israelita da Palestina e considera as artes un testemuño de vidas, tamén da súa.



11.

Basim Khandaqji (2026)

E neste 2026 que comeza o autor homenaxeado será o igualmente palestino **Basim Khandaqji**. A súa novela *Unha máscara da cor do ceo* foi galardoada co Premio Booker Internacional de Novela Árabe en 2024. Foi liberado no marco do último acordo de intercambio de prisioneiros.

Ademais de media ducia de novelas e dous poemarios, conta con numerosos artigos publicados en sitios literarios electrónicos e en redes sociais. Ten tamén unha páxina secundaria no sitio web Al-Hiwar Al-Mutamaddin, que contén máis de corenta artigos políticos, literarios e en prosa, ademais dunha serie de artigos sobre a realidade do movemento de prisioneiros.